

Usos do artigo

Obrigatorio

1. **Cos posesivos:** *A túa nai xa chegou?*

Excepcións:

- Cos vocativos non se usa: *Que fas, meu ben?*
- É opcional cos nomes de parentesco: *(O) meu pai deume a noticia.*

2. **Con ambos,-as / entrambos,-as / todos,-as + substantivo:** *de todas as formas, ambas as sobriñas, ambos os dous (rapaces).*

3. **Con en + estación do ano:** *No verán vai calor.*

4. **Con casa, clase, cama, misa** (excepto se teñen valor xenérico): *Está na misa.*

(Tamén é normal **con papá e mamá**, agás se son vocativos ou xenéricos).

5. **Cos pronomes persoais que levan un numeral:** *Nós os tres* (pero coa 3ª persoa de plural é opcional: *Elas (as) tres*).

6. **Con moitas locucións, contraído coa preposición a:** *ás veces, ás escuras, ás apalpadas, ás présas, ás cegas, ás toas, aos poucos, ás carreiras, á man, á máquina, á mantenta, á beira de, á parte de...*

7. **Con alcumes e nomes propios de animal:** *o Milhomes, o Pinto.*

(É opcional cos nomes propios de persoa e apelidos: usalo indica familiaridade (*Carme/A Carme*) ou menosprezo (*nos tempos do/de Carlos III*)).

8. **Con algunhas aldeas, vilas, cidades e países:** *A Coruña, O Porriño, O Carballiño, A Fonsagrada...* **Outras en cambio non o levan:** *Ferrol, Cuba...*

Nota: Pode consultarse a toponimia oficial e o Nomenclátor de Galicia *aquí*.

9. **Cos nomes de ríos, montes, cabos, mares, océanos, arquipélagos:** *O Miño, O Pedroso...*

10. **Con moitas comarcas, algunhas praias e moi poucas illas:** *O Salnés, A Toxa...*

Contraccións

a) **O artigo dos topónimos contrae** coas preposicións: *Vai na Coruña.*

b) **O artigo dos títulos e nomes de publicacións non contrae coas preposicións na escrita:** *Lino en A Esmorga* (agás que se use o apóstrofo *Publicárono n'A Nosa Terra*).

c) **Un/s, unha/s contrae** coa preposición **con** cando é artigo, pero non cando é pronome: *María ten mozo? - Creo que sí; vina con un o outro día.*

d) **O artigo contrae coa partícula comparativa ca** e pode escribirse de dous xeitos: *Alicia leu máis **cós/ca os** seus compañeiros da clase.*

[A] meu irmán gústalle moito ir [a] ximnasio e mais [a] piscina; a min, [por] contra, non me gusta nada o deporte e suponme un esforzo moi grande levalo [a] ximnasio [por] tardes. Outras persoas están encantadas [con] actividade física e mesmo se inscriben para perder peso e mellorar seu aspecto físico. Penso que é máis importante a felicidade beleza.

Eu tamén teño ido algunha vez [a] ximnasio, sobre todo cando vexo que a roupa me aperta [en] cintura ou que xa non entro [en] talle 42. [As] veces sinto remorsos [por] vida tan sedentaria que levo e vou correr un pouco [por] parque que hai onda a casa [de] meus pais. A min, o que me gusta de verdade é ir [a] teatro, [a] cine, pasear [por] monte, ou mesmo facer cursos de idiomas. Teño claro que o deporte non é para min.

- Eu son Porriño, pero vivo Nogais.
- Esta fin de semana subimos Cebreiro.
- Fixeches o percorrido en catamarán canóns Sil?
- Desde Guarda sobe unha estrada ata monte de Santa Tegra.
- primavera paisaxe échese de cores.
- Pasei miña infancia Illa de Arousa.
- O concello Páramo limita de Portomarín.
- A regata Cutty Sark chega mañá porto Coruña.
- nosa colleita da adega foi moi boa e vendemos viño ata Cairo.
- Cando remates traballo marchamos para Grove.
- río Louro discorre paralelo estrada Porriño Tui.